

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE XULLO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a once de xullo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as nove horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTAS ANTERIORES

Dada conta dos borradores da acta da sesión constitutiva do día 7 de xullo de 2023; e da sesión extraordinaria de data 7 de xullo de 2023, foron aprobados por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— José Fernández Diéguez

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 27 de xuño de 2023 (RE-E núm. 378), coas seguintes características:

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	JOSÉ FERNÁNDEZ DIÉGUEZ
-----------------	------------------------

DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE RODEIRO, PARROQUIA DE RODEIRO
REPRESENTANTE	MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	OBRAS MENORES EN EDIFICIO
SITUACIÓN	RÚA B NÚM. 8
LUGAR	RODEIRO
PARROQUIA	RODEIRO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO URBANO – ORDENANZA NÚM. 1 (BLOQUE PECHADO)
REFª CATASTRAL INMOBLE	6625002NH8262N0001YK
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria técnica de obras menores redactada polo arquitecto técnico Don Antonio Carro Núñez, en data 27/06/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	8.716,19 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SETE (7) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 10/07/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CENTO SETENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (174,32 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

### ***3.- ALTA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR BENEFICIARIA DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA***

A existencia de dispoñibilidade horaria no servizo municipal de axuda no fogar permite acordar unha nova alta de usuaria de dito servizo segundo a prioridade establecida no Programa de Asignación de Recursos (PAR) xestionado pola Consellería de Política Social, e que se adapte ao número de horas dispoñibles no PIA a prestar, cumprindo ditas circunstancias nesta data Dona María Sira García Rodríguez.

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Ana María Jorge Couto, en data 11/07/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda dar de alta no servizo de axuda no fogar da Lei de Dependencia á seguinte usuaria:

NOME E APELIDOS: María Sira García Rodríguez

DNI: ██████████

DOMICILIO: Lugar do Az, parroquia de San Cristovo do Az

VALORACIÓN: ██████████

NATUREZA DO SERVIZO: Axuda no Fogar, modalidade recurso idóneo

PARTICIPACIÓN NO CUSTE DO SERVIZO: 2,11 €/hora

## 4.- DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE URBANÍSTICA PARA USO DO CHAN POR PARQUE EÓLICO

### ANTECEDENTES

1º.- Don Manuel García Pardo, na representación da sociedade GREENALIA WIND POWER SUÍME S.L.U., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social na Coruña, solicita con data 28 de abril de 2023 (RE-E núm. 253) certificado urbanístico de compatibilidade do parque eólico SUÍME, situado nas proximidades do lugar de Suíme, parroquia de Santa Mariña de Asperelo.

2º.- Achégase documentación técnica asinada pola enxeñeira de minas Dona María Moreno Martínez, en data 28/04/23.

3º.- Consta no expediente informe emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 27/06/23.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 40.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón textualmente: *“Exceptúanse da obrigación da aprobación dun proxecto sectorial aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos onde a natureza do uso do chan sexa compatible con este tipo de infraestruturas. Para estes casos deberá achegarse, xunto coa documentación da solicitude, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial”*.

Segundo.- De conformidade co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en vigor, o parque eólico proxectado afecta a terreos clasificados como solo rústico de infraestruturas, solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección agropecuaria.

Terceiro.- Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do dolo de Galicia (LSG), na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,

aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.

Cuarto.- As instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía correspóndense cun uso admisible en calquera categoría do solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, no seu caso, previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, segundo o artigo 36.1 da LSG.

Quinto.- No solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou autorización autonómica nos casos en que esta fose preceptiva (art. 36.2 da LSG).

Sexto.- Por resolución de data 22 de abril de 2023 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais outorgouse autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Suíme (expediente ██████████). Dita resolución foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 103, do día 01/06/23.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

### ACORDO

Primeiro.- Declarar a compatibilidade dos terreos afectados polo proxecto do parque eólico Suíme coa clasificación de usos do solo establecida no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en vigor.

Segundo.- A presente declaración emítase aos únicos efectos do previsto no artigo 40.4 da Lei 8/2009, sen que supoña pronunciamento algún municipal sobre a legalidade, oportunidade ou conveniencia da instalación proxectada.

Terceiro.- As obras deberán cumprir con toda a normativa urbanística e medio ambiental de aplicación e dispor de todas as autorizacións e/ou permisos de carácter sectorial que resulten preceptivos.

## **5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 8 (LIQUIDACIÓN) E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA AVIADOR GUMERSINDO AREÁN”, INCLUÍDA NO PROGRAMA REACPON**

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 8 (liquidación) correspondente á obra de “*Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán*”, incluída no Programa REACPON, por importe de VINTE E NOVE MIL CENTO NOVENTA E CATRO EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (29.194,16 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra VILARIÑO ESP S.L.U., por un importe de 29.194,16 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 0169 (FACe), de data 26/05/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 8 de xuño de 2023, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes e modificacións recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 26/05/23.

## 6.- ALTAS DE USUARIOS/AS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) PARA O CURSO 2023/2024

### ANTECEDENTES

1. Con data 18 de maio de 2005 entrou en funcionamento a instalación municipal denominada Punto de Atención á Infancia (PAI).
2. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 6 de setembro de 2021, aprobou o Regulamento de organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (PAI). Dita normativa foi publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 180, correspondente ao día 17/09/21, atopándose plenamente en vigor a esta data.
3. O artigo 9 do dito Regulamento dispón que o Concello abrirá anualmente un prazo de solicitude para a inscrición dos/as menores usuarios/as.
4. Para o curso 2023/2024 abriuse o corresponde prazo de presentación de solicitudes mediante acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 08/5/23 e, durante o prazo establecido que rematou o día 23 de xuño de 2023, presentáronse as seguintes solicitudes:

SOLICITANTE	DNI/NIE	DATA	REX.	USUARIO/A
Iago Diéguez Alonso	██████████	06/06/23	943	Gael Diéguez Salmerón
Manuel González Muíños	██████████	06/06/23	947	Alejandro González Gamallo
Mélodi Conde Vales	██████████	06/06/23	948	Hugo Ríos Conde
Sonia Cano Gil	██████████	06/06/23	958	Adriana Sánchez Cano
Mélodi Guerra Guerra	██████████	06/06/23	959	Luka Rodríguez Guerra
Mayessa Slendy Jaimes Flórez	██████████	06/06/23	964	Elián García Jaimes
Mireia Ortego López	██████████	08/06/23	984	Naia Fernández Ortego
Alba Simón Valladares	██████████	08/06/23	985	Marco Vázquez Simón
Eva María Areán Diéguez	██████████	08/06/23	986	Aitana Dabouza Areán
Yolanda Domínguez Patao	██████████	08/06/23	989	Manuel Fernández Domínguez
Alberte Lamazares Casero	██████████	08/06/23	343	Antón Lamazares Dafonte
Adrián Mosteiro Meijide	██████████	13/06/23	1024	Enea Mosteiro Lorenzo
Paula Diéguez Salgado	██████████	14/06/23	1027	María García Diéguez
Alba Lucía Seijoso Borrazas	██████████	20/06/23	1069	Pedro González Seijoso

SOLICITANTE	DNI/NIE	DATA	REX.	USUARIO/A
María Ester Redondo Meira	██████████	20/06/23	1069	Leire Rodríguez Redondo
María José Fafián Senra	██████████	21/06/23	1082	Irina Faílde Fafián
Ana María Hermida Ferradás	██████████	21/06/23	1083	Lúa Hermida Ferradás
Leidy Janeth Mora Morales	██████████	21/06/23	1085	Adriel Martínez Mora
Sheila Pereira Ferreira	██████████	22/06/23	1097	Beka Fernández Pereira
Lala Moh Lamin Moh Cori	██████████	22/06/23	1099	Tariya Moh Lamin Brahim

5. Os Servizos Sociais do Concello emiten o correspondente informe, con data 06/07/23, no que se acredita o cumprimento das solicitudes presentadas dos requisitos esixidos e procede á puntuación das admitidas segundo o baremo aplicable.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Admitir todas as solicitudes presentadas ao cumprir cos requisitos esixidos no Regulamento en vigor.

Segundo.- De conformidade co informe emitido polos Servizos Sociais municipais, acordan dar de alta como usuarios/as do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) de Rodeiro, para o curso 2023/2024, aos/ás seguintes nenos/as:

USUARIO/A	DOMICILIO	PUNTUACIÓN	XORNADA ADXUDICADA
Luka Rodríguez Guerra	Rodeiro – Rodeiro	28	Completa
Aitana Dabouza Areán	Rodeiro – Rodeiro	24	Completa
Gael Diéguez Salmerón	Rodeiro – Rodeiro	23	Parcial de tarde
Hugo Ríos Conde	A Latiza – Álceme	23	Completa
Adriana Sánchez Cano	Carboentes – Carboentes	23	Parcial de mañá
Elián García Jaimés	Rodeiro – Rodeiro	23	Parcial de mañá
Enea Mosteiro Lorenzo	Xabalde – San Salvador de Camba	23	Parcial de mañá
Irina Faílde Fafián	Asperelo – San Martiño de Asperelo	23	Completa
Beka Fernández Pereira	Bagarelas – Vilela	23	Completa
Alejandro González Gamallo	Rodeiro – Rodeiro	21	Completa
Manuel Fernández Domínguez	Rodeiro – Rodeiro	21	Parcial de mañá
Lúa Hermida Ferradás	Lamas – Camba	20	Completa

USUARIO/A	DOMICILIO	PUNTUACIÓN	XORNADA ADXUDICADA
Leire Rodríguez Redondo	Verlás – Santa Baia de Camba	18	Completa
Antón Lamazares Dafonte	A Veiga – Río	17	Completa
María García Diéguez	Saa – Santa Mariña de Pescoso	17	Parcial de mañá
Adriel Martínez Mora	A Vila – Rodeiro	17	Parcial de mañá
Tariya Moh Lamin Brahim	Rodeiro – Rodeiro	17	Parcial de mañá
Marco Vázquez Simón	Cristimil – San Cristovo do Az	16	Parcial de mañá
Naia Fernández Ortego	Areán – San Cristovo do Az	12	Completa
Pedro González Seijoso	O Couto – O Salto	11	Completa

Terceiro.- Os/as usuarios/as admitidos/as deberán acreditar ante o Concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partires do día seguinte ao do recibo da notificación do presente acordo, a documentación correspondente ás circunstancias sanitarias do/a usuario/a, presentando no Concello copia fidedigna da seguinte documentación:

- Copia auténtica da tarxeta da Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor.
- Certificado médico do/a menor, facendo constar se padece algunha enfermidade ou alerxia e se precisa medicación ou outro tipo de observación ao respecto.

Advírtese expresamente que a no presentación de dita documentación no prazo establecido ao efecto, constitúe causa de baixa do/a usuario/a no servizo, que se efectuará por acordo do presente órgano, previa audiencia ao/á interesado/a.

## ***7.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Isabel Varela Vázquez e Dona María del Rocío Morais Vila, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais en diferentes datas do presente mes de xullo de 2022. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos

usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Ana María Jorge Couto, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ BEATRIZ SENRA DOBARRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 17 e 24 de xullo do corrente, ambos inclusive, en substitución de Isabel Varela Vázquez.
- ✓ EVA LOSADA BARREIRO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (30 horas/semana), entre os días 17 e 31 de xullo do corrente, ambos inclusive, en substitución de María del Rocío Morais Vila.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## **8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DA PORTELA**

VISTO o escrito presentado por Don José Carlos Faílde Vence, na representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CULTURAL E DEPORTIVA UNIÓN PARROQUIAL DA PORTELA, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar da Portela, parroquia da Portela (RE núm. 1206, do 10/07/23), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Cristovo da Portela celebradas os pasados días 7, 8 e 9 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

## **9.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 587,93 €, 65,53 € E 61,71 €  
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A800, 23A799 e 23A798 (FACe).
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.103,20 €  
Por subministro de diverso material de papelería e oficina, s/factura núm. 6/23.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 982,70 €  
Por licenza anual de antivirus para equipos municipais e almacenamento na nube, s/factura núm. 23108.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 164,83 €  
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 23109.

- MERCAHILBE S.L. 33,84 €  
Por subministro de augas e material diverso para o Concello, s/factura núm. 04000005.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 9.850,21 € E 7.971,79 €  
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello nos meses de abril e maio de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 10.017,47 € E 8.241,05 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais nos meses de abril e maio de 2023, s/recibos.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 302,14 € E 211,64 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de maio de 2023, s/facturas núm. 4003696319 e 4003702633 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 223,85 € E 527,44 €  
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA74F0001526 e TA74F0001527 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-F3DD-041962 e 28-F3DD-042398 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 46,81 €  
Por recargo por ingreso extemporáneo da autoliquidación do canon da auga do terceiro cuadrimestre de 2022, s/cargo.
- RAPOSO ABOGADOS S.L.P. 3.025,00 €  
Por asistencia letrada en recurso contencioso-administrativo PO. 61/19, s/factura núm. 36/2023.

- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L.  
1.104,03 €  
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 23/010.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 459,50 €  
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 669.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 67,45 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- CARLOS CAMBA LAMAZARES 18,43 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO SOCIAL DA COMARCA DO DEZA 2.795,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Rodeiro*” no mes de maio de 2023, s/factura núm. 0-166 (FACe).
- MAPFRE VIDA S.A. 919,50 €  
Por seguro anual dos/as usuarios/as do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 75202319900030001218.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 18,30 €  
Por subministro de produtos de limpeza para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 13458.
- MERCAHILBE S.L. 10,07 €  
Por subministro de material diverso para o programa municipal “*O espertador*”, s/factura núm. 03000002.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.162,73 €  
Por traballos de reparación da desbrozadora municipal, s/factura núm. C 9939.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 2.336,50 €  
Por traballos de reparación do alumado do campo de fútbol e outros, s/factura núm. 48/23.
- FERRODEIRO S.L. 835,93 €  
Por subministro de canles de saneamento para o lugar de Cuñarro, s/factura núm. 001260.
- COSAPLAG S.L.U. 65,03 € E 50,60 €  
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/facturas núm. 20231580 e 20231607 (FACe).
- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS S.L.U. 424,60 €  
Por servizo consistente na recollida selectiva de residuos da fracción de envases lixeiros (bolsa amarela) e da fracción papel-cartón no mes de maio de 2023, s/factura núm. 23355 (FACe).
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.112,79 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de maio de 2023, s/factura núm. 2023/1412 (FACe).
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 479,18 €  
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 5/23.
- LA VOZ DE GALICIA S.A. 169,40 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023” no diario, s/factura núm. I23000591 (FACe).
- EPI PRENSA S.L.U. 907,50 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023” no diario “El Correo Gallego”, s/factura núm. 2023P0000802 (FACe).
- VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U. 338,80 €  
Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023” na emisora Radio Voz, s/factura núm. P23000899 (FACe).

- RADIO POPULAR S.A. – COPE 319,44 €

Por publicidade da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023” na radio COPE, s/factura núm. 0420200305 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde  
(*sinatura dixital*)